

13° INFORME  
2023

# O ESTADO DA POBREZA EN GALICIA

SEGUIMIENTO DOS INDICADORES DE  
POBREZA E EXCLUSIÓN SOCIAL DA AXENDA 2030 EN GALICIA



**#EstadoDePobreza**  
**#PobrezaGalicia**

EAPN Galicia. Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social

[www.pobreza.gal](http://www.pobreza.gal)

## CONTIDO

---

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (ARPE) .....</b>	<b>6</b>
Risco de pobreza e exclusión (ARPE) por CCAA .....	11
<b>COMPOÑENTES DA TAXA ARPE .....</b>	<b>13</b>
RISCO DE POBREZA.....	13
Pobreza severa.....	16
Pensións e pobreza: Fraxilidade das persoas maiores de 65 anos.....	19
BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH) .....	21
PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (PMSS).....	23
Desigualdade e reparto da Renda.....	30
O papel das administracións do estado.....	34
Acceso á vivenda: a emerxencia agrávase .....	38
<b>RESUMO .....</b>	<b>44</b>

Este informe executivo forma parte do XIII Informe “El Estado de la Pobreza en España 2023”<sup>1</sup> que vén de presentar a Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social do Estado Español (EAPN-España), da que EAPN Galicia - Rede Europea Contra a Pobreza da Comunidade Autónoma de Galicia forma parte.

En base á información oficial da Enquisa de Condicións de Vida 2022<sup>2</sup> do Instituto Nacional de Estatística (INE), Ministerio de Emprego e Seguridade Social ou Eurostat, preténdese ofrecer unha avaliación do grao de cumprimento **dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030** asumidos no 2015 tanto a nivel estatal como polas diversas comunidades autónomas. En especial o primeiro (ODS 1): “Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais”<sup>3</sup>.

Especificamente, pretende avanzar no cumprimento da **Meta 11 do Plan Estratégico Galicia 2022-2030**, no que se establece o compromiso de que no 2030 “Reducirase a taxa de risco de pobreza ou exclusión social ata o 14%, o que suporía unha diminución de polo menos 150.000 no número de persoas en risco de pobreza ou exclusión social”.

Este XIII Informe amosa os cambios rexistrados no número de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social mediante o estudo do indicador AROPE e as súas compoñentes entre 2015 e 2022, coa nova metodoloxía incorporada en 2021 de acordo cos obxectivos da Axenda Europa 2030.

Dos grandes parámetros estatísticos sobre pobreza, privación, desemprego e desigualdade, unha parte dos mesmos corresponde ao **indicador de risco de pobreza e/ou exclusión social da Unión Europea (AROPE)**. Este indicador resulta da agregación das persoas incluídas nestes tres conceptos:

**1. Risco de Pobreza.** Ter uns ingresos inferiores ao chamado limiar da pobreza (60 % da mediana da renda nacional equivalente en unidades de consumo)<sup>4</sup>. En 2022 supuxo ingresar menos de 10.088€ ao ano (840,6 € ao mes) nun fogar dunha persoa, ou menos de 21.185€ ao ano (1.765 € ao mes) nun fogar con dous adultos e dous menores.

Están en risco de pobreza severa todas aquelas persoas que viven en fogares cuxos ingresos por unidade de consumo sexan inferiores ao 40% da mediana da renda, é dicir, 6.725,6€ ao ano (560,5€ ao mes) nun fogar dunha persoa ou 14.123,8€ ao ano (1.177€ ao mes) nun fogar de dous adultos e dúas nenas ou nenos.

<sup>1</sup> <https://www.eapn.es/estadodepobreza/>

<sup>2</sup> Encuesta de condiciones de vida. Resultados 2022 <https://bit.ly/3CJfn2>

<sup>3</sup> <http://eapn-galicia.com/reducir-a-pobreza-de-galicia-a-metade-no-2030/>

<sup>4</sup> En todo o informe utilízase o limiar estatal de pobreza e non os limiares de cada CCAA. Aínda que o uso de limiares rexionais é axeitado para realizar políticas e accións autonómicas contra a pobreza ao ter en conta os ingresos da poboación máis próxima, unha análise detallada da pobreza en España obriga a considerar que deberíamos estar ante un Estado cunha lexislación común, que negocia e asume responsabilidades de xeito solidario ante instancias supranacionais e para o que -se supón- a cohesión interterritorial como un dos seus valores.

**2. Baixa Intensidade laboral no fogar (BITH).** A intensidade laboral mide a relación entre o número de meses traballados efectivamente por todos os membros do fogar e o número total de meses que, en teoría, poderían traballar como máximo todas as persoas en idade de traballar do fogar. O indicador comprende ás persoas de 0 a 64 anos -coa anterior metodoloxía era ata 59 anos- que viven en fogares cunha intensidade de emprego inferior ao 20% (agás persoas estudantes de 18 a 24 anos, xubiladas ou retiradas).

**3. Privación ou carencia material e social severa (PMSS).** Coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, tal e como se indicou no anterior informe o antigo indicador de **Privación Material Severa modificou a súa metodoloxía de construción e pasou a denominarse Privación Material e Social Severa.** Os cambios resúmense en que se amplían os seus ítems de 9 a 13 e o limiar para que unha persoa se considere en PMSS increméntase desde a incapacidade para consumir 4 dos 9 elementos anteriores, a 9 dos 13 actuais.

- Atrasos no pago de gastos relacionados coa vivenda principal ou compras a prazos nos últimos 12 meses.
- Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
- Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano.
- Non pode permitirse unha comida de carne, peixe ou o seu equivalente vexetariano cada dous días.
- Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos (650 €)
- Non pode permitirse dispor dun automóbil.
- + Non pode substituír mobles estragados ou vellos.
- + Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova.
- + Non pode permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións .
- + Non pode permitirse reunirse con amigos e/ou familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- + Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer (deportes, cine, etc.)
- + Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de cartos en si mesmo cada semana.
- + Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar.

O informe recolle o **proceso de recuperación tras a pandemia da COVID-19**, así como o impacto provocado pola guerra de Ucraína, a crise enerxética e a inflación no ano 2021 e algúns efectos do 2022.

Compre salientar que este informe preséntase e tenta ser enriquecido con novas fontes de información estatística que permiten acercarse moito mais á situación en cada municipio e dentro do mesmo. A mellora da información facilitada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) compre engadir outras como o [Atlas de distribución de](#)

[renta de los hogares" do INE](#)<sup>5</sup>, con información detallada de datos de desigualdade ou pobreza a nivel de barrio ou sección censal de todos os concellos galegos. Ou mesmo o Mapa de Cohesión Social presentado polo Eixo Atlántico cunha radiografía con 69 indicadores de municipios de Galicia e Norte de Portugal.<sup>6</sup>

---


<sup>5</sup>[https://www.ine.es/dynas/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica\\_C&cid=1254736177088&menu=ultiDatos&dp=1254735976608](https://www.ine.es/dynas/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177088&menu=ultiDatos&dp=1254735976608)

<sup>6</sup> <https://lnkd.in/dar2CCYM>

## RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN SOCIAL (AROE)

O 23,6% da poboación de Galicia estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2022, a porcentaxe máis baixa dos últimos cinco anos. Esta cifra é 2,4 puntos inferior á media nacional e redúcese en 1,5 puntos respecto ao ano pasado. A diminución é menor que a do total nacional, dado que esta foi de 1,8 puntos. Estes datos parecen indicar unha tendencia á redución dos datos de pobreza nos últimos anos. En termos absolutos, máis de 636.000 **persoas residentes en Galicia estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social no 2022, 42.000 menos que no ano anterior.**

### Indicador AROPE (Ax. 2030)




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Ao longo dos anos, Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores. No último ano, en Galicia reduciuse o AROPE e o risco de pobreza e a pobreza severa, sendo a décima comunidade con menor poboación en risco de pobreza e/ou exclusión, o que a sitúa nunha posición media respecto ao resto de comunidades.

Cómpre salientar que esta melloría na taxa AROPE galega sería menor de considerarse a metodoloxía anterior para a súa medición e sen as novas compoñentes da Privación Material e Social Severa (Europa 2020).

### Indicador AROPE: Comparativa nova e antiga metodoloxía



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Ademais, a situación de 2022 é algo mellor á previa á recesión do 2008. Neste sentido, o balance co ano 2008 calculado coa metodoloxía antiga, arroxa un descenso da taxa AROPE de 0,9 puntos porcentuais, o que supuxo un decrecemento do 3,6 %. Así,


**Galicia é a décima rexión con menor poboación en risco de pobreza e/ou exclusión**, o que a sitúa nunha posición media con respecto ao resto de rexións.

En comparación co ano 2015, que é o designado para a avaliación da Axenda 2030, a poboación en risco de pobreza e exclusión social en Galicia reduciuse en 1,3 puntos porcentuais (un 5,1 %), o que supón un descenso de máis de 44.000 persoas. Como se verá, esta mellora é así tanto a nivel xeral como en dous dos tres compoñentes da taxa AROPE: a taxa de risco de pobreza e a taxa BITH.

Como xa se detectaba no informe anterior, tendo en conta que a mellora destes datos correspóndense principalmente co período de recuperación da pandemia provocada polo COVID-19 e a actual crise motivada pola inflación e o aumento de prezos, sobre todo de produtos básicos e enerxéticos, a redución da taxa AROPE no último ano en Galicia e no conxunto do estado **convidan a un optimismo ao comprobar o impacto das medidas contra a pobreza** do chamado 'Escudo Social' que puxeron en marcha dende o goberno central (como os ERTE ou o Ingreso Mínimo Vital), ou dende a Xunta de Galicia (como a non paralización da RISGA ou sobre todo, a Tarxeta Básica), gran parte dos concellos e dende logo as organizacións do Terceiro Sector de Acción Social galego.

Visto este impacto positivo das medidas implantadas e a lentitude da redución da taxa AROPE de risco de pobreza ou exclusión social, se se quere acadar o compromiso do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030 de reducir no 2030 ao 14% a taxa de risco de pobreza ou exclusión social é imprescindible non se deberían frear as medidas e orzamentos en materia de dereitos e políticas sociais, vivenda ou acceso ao emprego.


Como se verá posteriormente na análise dos datos de Privación Material ou de impacto das prestacións sociais, o perigo e a tentación política de frear este esforzo comeza a ser unha hipótese moi plausible.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Pese a que en Galicia a situación mellorou timidamente respecto ao 2015, tal e como se presenta no gráfico anterior, mantense lonxe do cumprimento do acordado na Axenda 2030, para a cal, no 2022, tería que haber unhas 114.000 persoas menos en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social. Esta desviación non pode achacarse exclusivamente á pandemia, xa que, como se aprecia no gráfico, en 2018 xa se deixou de seguir a senda do comprometido.

Se realizamos unha análise por sexo detectamos que ao longo de toda a serie histórica a **taxa AROPE das mulleres é superior á dos homes.**



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Das 636.000 persoas que no 2022 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, **287.000 eran homes (case 24.000 menos que no ano anterior) e 348.500 mulleres (18.500 menos).**

Así, a pesar de que ambas taxas diminúen neste último ano, détéctanse diferenzas e a **fenda de xénero crece**: entre os homes baixa 1,8 puntos mentres que entre as mulleres faino en 1,3 puntos, o que acrecenta a distancia ata os 2,8 puntos e permanece a situación de **feminización da pobreza**. Os valores porcentuais e absolutos poden consultarse na táboa posterior.

Esta feminización da pobreza é seguramente superior, posto que a Enquisa de Condicións de Vida do INE ten limitacións na análise por sexo ao asignar a mesma situación de pobreza e vulnerabilidade a todos os membros de cada fogar. Posto que a gran maioría dos fogares están compostos por familias nucleares, **as diferenzas medidas por sexo so se producen a causa da diferente situación dos fogares compostos maioritariamente por mulleres, tales como os monoparentais (cunha taxa AROPE no conxunto do estado do 49,2 %)<sup>7</sup> ou os das persoas maiores soas.**

O feito de que as diferenzas reais non queden reflectidas nestes datos é consecuencia, entón, dun deseño metodolóxico con obxectivos específicos e non significa que non exista, tal e como demostra, por exemplo, a análise das diferenzas de xénero na EPA (Encuesta de Población Activa).

<sup>7</sup> Avance 'Estado de la pobreza en España 2023' EAPN-ES: [https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/noticias/1682509715\\_el-estado-de-la-pobreza.-primer-avance-resultados-abril-2023-correcto.pdf](https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/noticias/1682509715_el-estado-de-la-pobreza.-primer-avance-resultados-abril-2023-correcto.pdf)




## Indicador AROPE (Ax. 2030) poboación galega por sexo

Galicia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
POB. TOTAL	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464
Homes	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301	1.294.708
Mulleres	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344	1.395.756
% AROPE	24,9%	25,3%	23,0%	24,1%	24,2%	25,3%	25,2%	23,6%
% Homes	24,3%	24,8%	20,8%	22,5%	24,1%	24,9%	24,0%	22,2%
% Mulleres	25,5%	25,9%	25,0%	25,7%	24,4%	25,6%	26,3%	25,0%
Total AROPE	680.630	688.848	622.467	652.201	654.579	682.671	678.409	635.979
Homes	319.929	324.780	271.958	292.446	313.355	323.438	311.317	287.421
Mulleres	360.784	364.157	350.725	359.915	341.237	359.270	367.201	348.685

Nota: destácanse os valores máis altos ao longo da serie

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## Indicador AROPE (Ax. 2030) poboación galega por idade




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## Respecto á taxa AROPE por idade

en toda a serie, excepto en 2018, as persoas maiores de 65 anos están por baixo do resto. Para o 2022, **as cifras máis elevadas corresponden aos nenos, nenas e adolescentes (NNA)**, cuxa taxa alcanza o 24,7%, en 2022 e descende moi notablemente con respecto ao ano anterior.


Este ano ten lugar unha confluencia entre os valores das taxas dos tres grupos de idade. Con respecto ao ano pasado, o grupo de maiores de 64 anos é o único no que aumenta a taxa AROPE (23,1%, 3,6 puntos mais), mentres que entre a poboación menor descendeu notablemente (9,3 puntos) e a de 18 a 64 anos (23,6%) reduciuse en 1,8 puntos.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

En 2022 a taxa de **ARPE para persoas que viven en fogares nos que hai menores é de 24,4%, e diminúe notablemente**, 5,9 puntos con respecto ao ano anterior, o que reduce a ampla diferenza que se detectaba o ano pasado co resto de persoas, que no 2022 supuñan o 22,9%, cuxa taxa se incrementou en 1,9 puntos.

### Indicador AROPE en (Ax. 2030) en Galicia por hábitat




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Ao longo de toda a serie histórica detéctase unha maior incidencia do indicador AROPE nas zonas rurais que nas urbanas. Dende 2018, a **taxa AROPE cruzada por hábitat** tendeu a igualarse nas dúas categorías territoriais nas que se divide, ata chegar a converxer en torno ao 25% no 2021, tal e como testemuña o gráfico inferior. Este ano, ao igual que en 2021, a diferenza entre ambas zonas é inferior a un punto (0,8 p.p.). Ademais, respecto ao ano pasado tanto a taxa no hábitat rural que é dun 24,2 % como a do urbano, dun 23,4% diminúen (1,3 e 1,6 puntos, respectivamente).

## RISCO DE POBREZA E EXCLUSIÓN (AROEPE) POR CCAA

### Indicador AROPE (Ax. 2030) por CCAA




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**Galicia mantense nunha posición media sobre o conxunto de comunidades autónomas**, aínda que mellora a súa distancia coa media nacional. **É unha das cinco comunidades autónomas que con respecto aos seus valores iniciais no 2008 a taxa AROPE se reduciu**, xunto con Baleares, Extremadura, Ceuta e a Comunidade Valenciana. No resto de Comunidades Autónomas a redución foi moi escasa e inferior a 2 puntos.

Destacan especialmente Asturias, Cataluña e Navarra cunhas taxas que superan entre o 30% e un 68% os seus valores iniciais.

En termos absolutos, 12,3 millóns de persoas permanecen en toda España en risco de pobreza e/ou exclusión social no ano 2022, o que supón unha redución de máis dun millón de persoas dende o 2021.<sup>8</sup>

<sup>8</sup> El Estado de la Pobreza en las Comunidades Autónomas: [https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/documentos/1684748126\\_el-estado-de-la-pobreza-en-las-comunidades-autnomas\\_eapn-es.pdf](https://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/documentos/1684748126_el-estado-de-la-pobreza-en-las-comunidades-autnomas_eapn-es.pdf)




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Con respecto ao ano 2021, en xeral as Comunidades Autónomas viron reducida a súa taxa AROPE. Non obstante, non todas o fixeron na mesma medida, aínda que Galicia se atopa entre as dez Comunidades que máis reduciron a súa taxa, estando en primeiro lugar a Comunidade Valenciana, cunha redución de mais de 3 puntos e, en segundo lugar Andalucía, cunha redución de 2,9 puntos

RISCO DE POBREZA

Tras catro anos de práctico mantemento e tres anos máis de incremento, **a taxa de pobreza galega segue a tendencia do ano 2021 e volve diminuír no 2022, pasando a ser do 18%.** Esta redución volve situar a taxa por baixo da media nacional, a cal diminúe no mesmo período. En termos absolutos, para 2022 en Galicia había unhas 485.000 persoas en pobreza, das cales mais de 261.000 son mulleres e 224.000 son homes.


En relación ao ano pasado, a taxa de pobreza de Galicia descendeu 2,2 puntos, unhas 59.000 persoas, o que supón dous anos seguidos de redución deste indicador e sitúa o dato galego 2,4 puntos por debaixo da media estatal.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Con respecto ao ano 2015, cando a taxa de pobreza era do 19,4 %, a redución foi de 1,4 puntos, é dicir, un 7,2% menor, o que supón unha redución dunhas 45.000 persoas en pobreza. Por outra banda, si se compara co 2008 o dato de pobreza mellorou, pois era dun 20,9%, é dicir, 2,9 puntos máis que este ano.

Risco de pobreza en Galicia por sexo




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

<b>Galicia</b>	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
POB. TOTAL	2.784.169	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464
Homes	1.344.268	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301	1.294.708
Mulleres	1.439.901	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344	1.395.756
% POBREZA	20,9%	19,4%	19,0%	18,7%	18,8%	20,0%	22,1%	20,2%	18,0%
% Homes	19,5%	19,2%	19,1%	16,9%	18,8%	20,0%	21,8%	19,5%	17,3%
% Mulleres	22,1%	19,6%	18,9%	20,5%	18,9%	20,0%	22,3%	20,9%	18,7%
TOTAL POB. POBREZA	581.243	530.818	516.775	506.977	508.842	540.540	597.093	544.701	485.521
Homes	262.302	253.472	250.320	219.813	244.502	260.331	284.066	252.402	224.011
Mulleres	318.921	277.370	266.438	287.354	264.343	280.208	313.050	292.368	261.576

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**Por sexo**, ao longo da serie histórica, podemos ver que a taxa de pobreza entre as mulleres nunca foi inferior á dos homes. **Este ano, ao igual que o ano anterior, descenden ambas taxas**, tanto a pobreza feminina que pasa a ser dun 18,7% como a masculina que pasa a un 17,3%, descenden 2,2 puntos, e a fenda de xénero segue a ser de 1,6 puntos.

### Pobreza en Galicia por idade



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Segundo a idade, ao igual que se sinalou coa taxa AROPE, **a taxa de pobreza máis elevada no 2022 é das persoas menores (NNA) de 18 anos (23,3%), é dicir, nos nenos, nenas e adolescentes**. Non obstante, hai que destacar que este grupo de idade foi dos que experimentou un maior descenso nesta taxa, caendo 6,3 puntos, é dicir, reducíndose un 23,2%. Como sucede en xeral, a menor idade, maior risco de estar en pobreza.

A segunda maior taxa de pobreza por idade corresponde ás persoas de 65 anos ou mais (20,0%) que 2022 aumentou un 6,4%, é dicir, 1,2 puntos. Por último, o dato de pobreza das persoas que teñen entre 18 e 64 anos é o mais baixo dos tres (16,5%), reducíndose un 13,6% (2,6 puntos).


Respecto ao ano 2015, ano de referencia para la Axenda 2030, como se ve no seguinte gráfico, o único grupo de idade que non mellorou a súa taxa de pobreza é o de 65 anos ou mais (aumentou 4,1 puntos), mentres entre o de menores se reduciu 3,6 puntos e

entre o de 18 a 64 anos fíxoos 3,4 puntos. Finalmente, os datos de pobreza melloraron respecto a 2008 entre os tres segmentos de idade.

**No caso das persoas maiores, tras analizar os datos, hai que destacar que o comportamento da taxa de pobreza é algo diferente.** Como se explicou en informes anteriores, os seus ingresos están fortemente determinados polo importe da pensión que reciben, que é relativamente constante e, por tanto, a súa taxa de pobreza específica é máis dependente das modificacións do limiar que dos seus propios ingresos.

Isto produce que, en xeral, evolucionen en sentido inverso ás do resto da poboación: en épocas de crise, cando o limiar se reduce e as taxas de pobreza xerais se incrementan, as das persoas maiores, pola contra, tenden a reducirse, e o contrario sucede en épocas expansivas, cando as rendas suben e, polo tanto, se incrementa o limiar da pobreza, as persoas maiores aumentan as súas taxas de pobreza. É, por tanto, un comportamento contracíclico pero ao mesmo tempo ten un efecto estabilizador sobre as taxas de pobreza.


Esta idea pode aplicarse con claridade á evolución da pobreza de persoas maiores en Galicia, que pode verse na gráfica anterior, cuxa taxa se reduciu notablemente entre os anos 2008 e 2013, é dicir, nos anos máis duros da crise e, cando as cousas melloraron, cambiou de sentido. En 2021, crise covid-19 mediante, a taxa volve reducirse e no 2022, coa mellora dos datos de pobreza, os maiores incrementan a súa taxa.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**As persoas que viven en fogares con menores economicamente dependentes rexistran taxas moito máis elevadas que o resto para os principais indicadores de pobreza e vulnerabilidade.** Así, como se pode ver no seguinte gráfico, salvo no 2018, ao longo de toda a serie histórica apréciase como a taxa de pobreza de fogares con menores en Galicia é superior a dos fogares sen menores. Esta diferenza en 2022 é de 3,5 puntos porcentuais, unha distancia que se reduciu á metade no último ano grazas á potente

redución da pobreza entre as persoas en fogares con menores (19,9%, 4,9 puntos menos que en 2021).




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Segundo o hábitat, salvo no ano 2021, ao longo de toda a serie histórica apréciase como a taxa de pobreza das zonas rurais é máis elevada que a das zonas urbanas. Para este último ano, a distancia entre ambos hábitats varía levemente, ampliándose catro décimas, cunhas taxas no rural do 20,5% e urbana do 17,1% que se reducen paralelamente.

## POBREZA SEVERA

### Pobreza Severa en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV


No ano 2022 a taxa de pobreza severa, medida cun limiar do 40% da mediana da renda nacional, isto é, a porcentaxe de persoas que viven en fogares cun ingreso máximo de 560€ mensuais por unidade de consumo (é dicir un fogar dunha persoa, no caso dun fogar de 2 adultos e dous nenos ou nenas sería de 1.177€), en Galicia foi do 6,8%, 2,1



puntos por debaixo do dato nacional. **Con respecto ao ano pasado, a taxa de pobreza volve caer (2 puntos) máis do que o fixo en 2021 (0,6 puntos) e máis do que o fixo o dato estatal, en 1,3 puntos.**


Como pode observarse no gráfico anterior, a taxa de pobreza severa en Galicia non superou a media estatal en toda a serie histórica. Deste modo, para 2022 a diferenza entre a incidencia en Galicia (6,8 %) e a nacional (8,9 %) é de 2,1 puntos porcentuais, a mais elevada dende o 2016.

### Pobreza severa en Galicia por sexo




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**Por sexo**, e como xa ocorre noutros indicadores, **as taxas son habitualmente superiores nas mulleres**. No 2022 reduciuse o seu valor tanto na taxa feminina que chegou ao 7,1%, como na masculina cun 6,4%, sendo o descenso de 1,9 entre as mulleres e de 2,2 entre os homes. Deste modo, ambos datos se sitúan a niveles similares aos rexistrados en 2015, pero por riba dos de 2008.




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### Pobreza severa en Galicia por idade



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Por outra banda, como se explicou anteriormente, canto maior é a idade da persoa, menor é a súa taxa de pobreza severa para a maioría dos anos recollidos na serie. Ademais, ao igual que sucede coa taxa de pobreza, en 2022 o grupo de idade que máis mellora a súa incidencia en pobreza severa é o de menores (NNA), cun 8,5% grazas a unha redución do 34,6% (4,5 puntos). A súa vez, a pobreza severa diminúe tamén 2,5 puntos entre as persoas entre 18 e 64 anos, sendo do 6,6%, mentres como ocorre con outros indicadores aumenta no caso das persoas maiores de 65 anos, nas que é dun 6,3%, subindo medio punto respecto ao ano anterior.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Finalmente, durante os tres últimos anos a pobreza severa nas zonas rurais foi superior á das zonas urbanas. Para o 2022, a taxa de pobreza na zona rural é do 8,0% e de 6,3% na urbana. En relación ao ano anterior, ambas taxas reduciron en 2,1 puntos porcentuais.

## PENSIÓNS E POBREZA: FRAXILIDADE DAS PERSOAS MAIORES DE 65 ANOS

Compre prestar atención a un grupo con características especiais, o da poboación pensionista. Unha gran parte dela ten unha pensión como único ingreso e, polo tanto, a súa situación de pobreza depende de decisións políticas, posto que obteñen rendas que están practicamente determinadas polo importe da pensión que recibe. A táboa que se mostra máis abaixo reflicta o número de pensións por tramos de contía segundo o tipo que se reciben en Galicia.

Pode observarse que, **das 770.119 pensións que se reciben en Galicia, case a metade, un 47,4% recibe unha pensión cuxo importe é inferior ao mínimo considerado para non ser pobre<sup>9</sup>. En termos absolutos son 364.814 persoas<sup>10</sup>**, cifra que é lixeiramente maior á do ano anterior. Ademais, o 60,5 % das pensións de viuvez, a inmensa maioría correspondentes a mulleres, teñen un importe inferior ao limiar de pobreza, como tamén o teñen, aínda que relativamente son poucas, o 78,8 % das pensións de orfandade.

Nº de pensións por Pobreza, Clase e Tramos de contía (a 31 decembro de 2022)	Limiar de pobreza (Mensual, 14 pagas)						721 €
	Limiar de pobreza severa (Mensual, 14 pagas)						480 €
<b>GALICIA</b>	Incapacidade permanente	Xubilación	Viuvez	Orfandade	Favor familiar	Todas as pensións	
Ata 150 €	373	15.402	8.156	2.117	59	26.107	
De 150,01 a 480 €	3.110	54.552	60.434	12.897	938	131.931	
De 480,01 a 500 €	547	5.034	3.680	330	50	9.641	
De 500,01 a 721 €	27.897	122.149	39.251	2.958	4.880	197.135	
De 721,01 a 1.000 €	18.666	104.216	46.511	3.957	426	173.776	
De 1.000,01 a 2.000 €	17.593	120.461	25.949	897	455	165.355	
Máis de 2.000 €	3.393	62.308	367	80	26	66.174	
Todos os tramos	71.579	484.122	184.348	23.236	6.834	770.119	
<b>TOTAL POBREZA</b>	31.917	197.137	111.521	18.302	5.927	364.814	
%	44,6%	40,7%	60,5%	78,8%	86,7%	47,4%	
<b>TOTAL POBR. SEVERA</b>	3.483	69.954	68.590	15.014	997	158.038	
%	4,9%	14,4%	37,2%	64,6%	14,6%	20,5%	

Fonte: Elaboración propia con datos do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social

Finalmente, debe destacarse que para o 20,5% do total, o importe da súa pensión é inferior ao limiar da pobreza severa (renda inferior a 480€ en 2022) e a cifra alcanza 37,2% no caso das prestacións por viuvez. No caso destas últimas, **hai unha mellora con respecto ao ano anterior, pois as taxas de viuvez en pobreza estaba en 63,8%, polo que se reduciu con respecto ao 2021, e a taxa de pobreza severa pasou dun**

<sup>9</sup> Neste caso, o limiar de pobreza está calculado para 14 mensualidades que é o número de pagas anuais. O límite superior de ingresos é de 721 € por paga, e de 480 € para o caso de pobreza severa.

<sup>10</sup> É posible que algunhas persoas reciban dúas pensións, pero o seu número é tan pequeno que non afecta aos resultados.

**38,1% ao 37,2%, o que se poida atribuír á mellora na revalorización das pensións.**


Hai que ter en conta, ademais que as persoas que perciben unha pensión por viuvez son maioritariamente mulleres.

En conclusión, **estes datos revelan que a situación en Galicia é bastante peor que a nivel nacional, 11,6 puntos peor**, pois a media nacional establece que o 35,8% do total de prestacións que reciben as persoas pensionistas atópanse por debaixo do limiar da pobreza. O dato do limiar da pobreza severa tamén é máis elevado na CCAA, xa que a nivel nacional se sitúa nun 14,7% do total das pensións percibidas en España.

## BAIXA INTENSIDADE DE EMPREGO NO FOGAR (BITH)

O indicador BITH refírese ás persoas entre 0 e 64 anos -coa anterior metodoloxía era ata 59 anos- que viven en fogares nos cales se traballa menos do 20% do seu potencial total de emprego.

### Indicador BITH (AX. 2030) en Galicia



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**O 9,5 da poboación menor de 65 anos residente en Galicia, é dicir, entornó a 188.000 persoas** vive en fogares con baixa intensidade de emprego. A cifra supón un descenso de 0,7 puntos respecto ao ano pasado, o que se traduce en máis de 15.000 novas persoas que deixaron de ser contadas neste indicador. Este descenso súmase á continuidade nun período case ininterrompido dende o 2014, que experimentou un punto de inflexión no ano 2021. En relación ao ano 2015, este indicador experimenta unha redución de case un terzo: diminuíu 4,2 puntos, un 30,7%.


### Galicia: Poboación en BITH por sexo (Ax. 2030, 0 a 64 anos)

Galicia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
POB. T. (0 a 64)	2.076.440	2.057.215	2.042.400	2.028.813	2.019.715	2.013.995	2.001.505	1.987.834
Homes	1.040.021	1.029.736	1.021.832	1.014.296	1.009.254	1.006.363	999.945	993.439
Mulleres	1.047.995	1.036.419	1.027.479	1.020.568	1.014.517	1.010.461	1.007.632	994.395
% BITH	13,7%	13,3%	11,8%	11,0%	11,9%	8,7%	10,2%	9,5%
% Homes	13,7%	12,5%	11,6%	10,5%	12,3%	9,4%	9,5%	8,3%
% Mulleres	13,7%	14,1%	12,0%	11,5%	11,4%	8,0%	10,8%	10,6%
BITH (0 a 64)	283.991	273.938	241.090	223.432	239.384	175.133	203.734	187.919
Homes	142.417	128.760	118.720	106.435	123.824	94.432	95.344	82.112
Mulleres	143.154	146.545	123.213	117.639	116.062	81.058	109.094	105.810


Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Por outra banda, **na taxa BITH por sexo no 2022 aumentou a fenda de xénero**, debido a que o descenso no último ano de 1,2 puntos da taxa masculina que se sitúa nun 8,3% non se produciu na feminina que chegou a un 10,6% e que so caeu 0,2 puntos. En 2022 hai case 106.000 mulleres en BITH e 82.000 homes.

### Indicador BITH (AX. 2030) en Galicia por sexo



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Como se mostra no gráfico anterior, ao longo de toda a serie histórica a taxa BITH nos fogares sen menores é mais elevada que nos fogares con menores. Non obstante, **no 2022 aumenta a taxa no caso dos fogares sen menores, pasando dun 11,1% no 2021 a un 13,6% no último ano, ao contrario do que ocorre no caso dos fogares con menores, nos que esta taxa se reduce, pasando dun 9,5% no 2021 a un 6,7% no 2022.**

## PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA (PMSS)


Como se dixo na introdución, coa fin de adaptarse mellor aos requirimentos da Axenda 2030, o antigo indicador de Privación Material Severa (PMS) modifica a súa metodoloxía de construción e pasa a denominarse Privación Material e Social Severa (PMSS).

Os cambios resúmense en dúas cuestións principais: por unha banda, amplíanse os seus compoñentes de 9 a 13 elementos de carencia e, por outra, o limiar para que unha persoa se considere en PMSS incrementábase desde a incapacidade para consumir 4 de 9 elementos anteriores, aos 9 dos 13 actuais.

Por unha banda, elimínanse os elementos que miden a capacidade de dispoñer dun teléfono, un televisor ou unha lavadora, que en caso de España rexistraban valores moi próximos a cero en todo o territorio nacional e non tiñan capacidade de discriminar.

Polo outro, incorpóranse novos elementos que conforman a carencia material e social severa. Aos elementos antigos, agrégase, a escala fogar, o concepto "Non pode substituír mobles estragados ou vellos" e a nivel persoal agréganse os seguintes conceptos:

- Non pode permitirse substituír roupa estragada por outra nova, ou ben permitirse ter dous pares de zapatos en boas condicións.
- Non pode permitirse reunirse con amigos/familia para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes.
- Non pode permitirse participar regularmente en actividades de lecer.
- Non pode permitirse gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo.
- Non pode permitirse conexión a internet.




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**En Galicia, prodúcese un lixeiro aumento da taxa de Privación Material Social e Severa, alcanzando o 6,3%. Deste modo, para o ano 2022, cerca de 170.000 persoas está en privación material e social severa.**

Ao longo de todo o período analizado podemos observar que a PMSS en Galicia é menor que a estatal. Non obstante, debido ao forte incremento que viviu o valor galego o ano pasado e que apenas varía este ano, en 2022 a diferenza coa taxa nacional alcanza o seu valor mais baixo (1,4 puntos).

Con respecto ao inicio do novo período de avaliación da Axenda 2030, o ano 2015, a taxa de PMSS de Galicia incrementouse en 2,4 puntos, o que se traduce en engadir máis de 64.000 persoas na taxa PMSS.

**PMSS (Ax. 2030) en Galicia por sexo**



Por sexo os datos apenas varían respecto ao ano anterior e obsérvanse valores máis elevados na taxa feminina (6,9%) que non varía con respecto ao ano anterior, que en termos absolutos se traduce en cerca de 97.000 mulleres en

situación de privación material e social severa. Pola súa parte, a taxa masculina é de 5,6 %, o que significa mais de 73.000 homes na mesma situación.

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV


**Poboación en Privación Material e Social Severa (Ax. 2030) por sexo**

Galicia	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
POB. TOTAL	2.732.347	2.718.525	2.708.339	2.701.743	2.699.499	2.701.819	2.695.645	2.690.464
Homes	1.317.054	1.309.809	1.304.392	1.300.609	1.298.964	1.300.153	1.297.301	1.294.708
Mulleres	1.415.293	1.408.716	1.403.947	1.401.134	1.400.535	1.401.666	1.398.344	1.395.756
% PMSS	3,9%	4,9%	3,2%	6,1%	5,4%	3,2%	6,2%	6,3%
% Homes	3,8%	4,4%	2,7%	5,5%	5,7%	3,4%	5,5%	5,6%
% Mulleres	3,9%	5,4%	3,7%	6,7%	5,2%	3,1%	6,9%	6,9%
TOTAL POB. PMSS	105.380	132.927	87.679	164.630	146.711	87.409	167.234	169.716
Homes	49.850	57.081	35.683	71.156	74.295	43.855	71.463	73.103
Mulleres	55.541	75.966	52.048	93.515	72.378	43.543	95.853	96.708

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV




### PMSS (Ax. 2030) en Galicia por idade



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

A diferenza dos indicadores anteriores relacionados coa pobreza, a PMSS ten unha evolución moi complexa na que varía cada ano a posición dos grupos de idade.


**No 2022 o único grupo no que se reduce a taxa de PMSS é no de menores de 18 anos, cuxo valor se reduciu nun 32,1 % (cae 3,4 puntos) e ten unha taxa de 7,2%, pese a que segue a ser o segmento máis afectado por este indicador.** Pola súa parte, as persoas de 18 a 64 anos en PMSS seguen a ter unha taxa de 6,7 %, e non varía con respecto ao ano pasado, mentres que as de 65 anos ou máis cunha taxa do 4,8 % se incrementan nun 84,6 % (2,2 puntos).



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

No 2022, o 6,9% das persoas en fogares con menores están en situación de PMSS, o que supón un punto porcentual máis que o resto. Este problema estendeuse dende o 2015 entre ambos grupos, sobre todo entre aqueles que viven en fogares con menores, que o fixo máis do dobre: incrementouse nun 115,6% ao aumentar 3,7 puntos con respecto a 2015. Non obstante, con respecto ao ano 2021, os fogares con menores tiveron unha redución, ao contrario do que ocorreu nos fogares con menores que sufriron un aumento de case un punto con respecto ao 2021. Isto vai en tendencia

co resto de indicadores nos que se miden os fogares con e sen menores, obsérvase como estes últimos empeoran a súa situación.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

En 2022 a diferenza entre a taxa de PMSS en zonas urbanas era do 7.7% e nas rurais de 2,6%, alcanzando a súa máxima distancia (5,1 puntos). Ambas taxas seguen tendencias opostas durante o último ano: mentres que as urbanas se incrementaron 0,9 puntos, as rurais reducíronse 1,8 puntos.

Esta diferenza, pode explicarse por varios factores, pero principalmente polo elevado gasto en vivenda que se foi incrementando nos últimos anos e que alcanza taxas máis elevadas principalmente en áreas urbanas e que incrementa a porcentaxe da renda que as persoas deben destinar á vivenda.

Para facer unha análise axeitada **é obrigado o estudo dos trece items que compoñen a nova taxa de Privación Material Social e Severa**. Así, 11 deles rexistran taxas inferiores ás medias nacionais, con diferenzas que van dende 0,1 ata 6,1 puntos. Dos dous ítems con maior incidencia en Galicia que a nivel estatal, cabe destacar o número de persoas que non poden permitirse irse de vacacións fora de casa ao menos unha semana ao ano nesta rexión (39,2 %) fronte ao total nacional (33,5%).

En relación ao ano pasado aumentaron 11 dos ítems e outros dous diminuíron.

É especialmente preocupante o incremento da porcentaxe de **persoas que non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura adecuada que pasa do 9,6% de 2020, ao 13,1% de 2021 e ao 19,4 % deste ano**, o que supón un crecemento do 101,4 % en dous anos, que probablemente estea relacionado co elevado aumento que tivo o prezo da electricidade e que obrigou a moitos fogares a reducir o seu consumo enerxético.

Cabe destacar tamén o número de **persoas que non poden permitirse irse de vacacións fora da casa** polo menos unha vez ao ano, cunha taxa do 39,2% en Galicia fronte ao total nacional que é dun 33,5%.


Outros incrementos destacados prodúcese entre as persoas que **non teñen capacidade para facer fronte a gastos imprevistos** que pasa dun 24,7% a un 29,7%, incrementándose nun 19% e aquelas **persoas que non poden permitirse reemplazar os mobles vellos ou estragados**, dun 19,9% a un 25,6%, aumentando nun 28,8%.

<b>Nacional</b>	<b>2008</b>	<b>2015</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
Retrasos en pago de gastos de vivenda principal ou compras a prazos nos últ. 12 meses	8,2%	11,7%	13,5%	14,4%	13,2%
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	5,9%	10,6%	10,9%	14,3%	17,1%
Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	36,2%	41,5%	34,5%	32,7%	33,5%
Non pode permitirse unha comida de carne ou peixe cada dous días	2,2%	2,6%	5,4%	4,7%	5,4%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	29,9%	39,8%	35,4%	33,4%	35,5%
Non pode permitirse dispoñer dun automóbil	5,9%	5,8%	4,9%	4,9%	5,0%
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		38,8%	30,6%	27,5%	27,4%
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		5,5%	11,2%	8,8%	8,5%
Non pode permitirse dous pares de zapatos		1,3%	2,6%	2,4%	2,5%
Non pode reunirse con amigos e/ou fam. para comer ou tomar algo polo menos unha vez ao mes		7,1%	8,4%	8,6%	7,6%
Non pode participar regularmente en actividades de ocio (deportes, cine, etc.)		15,0%	11,1%	12,5%	12,2%
Non pode gastar una pequena cantidade de diñeiro en si mesmo c/ semana		13,1%	14,6%	15,1%	14,3%
Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		5,4%	2,8%	2,7%	1,9%
<b>Galicia</b>	<b>2008</b>	<b>2015</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
Retrasos en pago de gastos de vivenda principal ou compras a prazos en últ. 12 meses	3,4%	7,8%	8,5%	9,0%	9,4%
Non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada	8,9%	13,7%	9,6%	13,1%	19,4%
Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	38,4%	48,3%	37,4%	37,1%	39,2%
Non pode permitirse unha comida de carne ou peixe cada dous días	1,1%	1,2%	14,9%	2,1%	4,4%
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	24,4%	27,4%	28,1%	24,7%	29,4%
Non pode permitirse dispoñer dun automóbil	3,9%	2,3%	1,3%	1,9%	2,6%
Non pode substituír os mobles estragados ou vellos		31,9%	15,8%	19,9%	25,6%
Non pode permitirse substituír as roupas estragadas por outras novas		3,5%	5,3%	5,9%	7,1%
Non pode permitirse dous pares de zapatos		0,4%	0,6%	1,5%	1,3%
Non pode reunirse con amigos e/ou fam. para comer ou tomar algo polo menos una vez ao mes		2,5%	3,1%	5,9%	6,6%
Non pode participar regularmente en actividades de ocio (deportes, cine, etc)		8,5%	5,0%	9,3%	11,1%
Non pode gastar unha pequena cantidade de diñeiro en si mesmo c/ semana		8,6%	7,0%	11,1%	12,6%
Non pode permitirse conexión Web (fixa ou móbil) para uso persoal no fogar		5,4%	2,2%	2,5%	1,8%


Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Ante estes datos, non se pode obviar a influencia que ten o incremento dos prezos da vivenda e das subministracións (principalmente o prezo do gas e da luz) o que explicaría tamén a elevada porcentaxe de fogares que non se poden permitir manter a vivenda a unha temperatura adecuada.


**A vivenda está a funcionar como unha aspiradora de rendas** que obriga a moitas familias a priorizar gastos na mesma e reducir gastos en necesidades básicas. Nesta liña, podemos destacar, por exemplo, o incremento de **persoas que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días, que aumenta do 2,1 % ao 4,4%.**



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**Aumenta a poboación que experimenta dificultades para chegar a fin de mes, sumando un 44,3%.** Este dato encadea dous anos seguidos de incremento, o que leva a gañar 7,4 puntos respecto ao 2020, se si ben é certo que ese ano rexistrou o seu valo máis baixo da serie histórica.

### Grao de dificultade para chegar a fin de mes en Galicia




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## DESIGUALDADE E REPARTO DA RENDA


A renda media en Galicia é de 12.352€ por persoa e de 18.093€ por unidade de consumo. Ambas cifras están preto ás do conxunto nacional, sen embargo, tanto en termos absolutos como relativos, **este ano tiveron un incremento superior á estatal**. Así, este último ano, a renda media por unidade de consumo incrementouse en 1.308€, e en 899€ no caso da renda por persoa.

### Renda media por persoa



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### Renda media por unidade de consumo



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

## Persoas por decil de renda por unidade de consumo en Galicia

Total	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
D1	8,2%	6,2%	6,9%	10,1%	8,8%	8,9%	9,7%	8,6%	7,6%
D2	12,9%	9,9%	9,1%	7,6%	8,2%	10,9%	11,4%	10,2%	10,2%
D3	13,5%	10,9%	10,5%	7,6%	10,1%	9,8%	10,2%	10,3%	10,2%
D4-D8	53,5%	56,9%	56,5%	59,2%	54,5%	53,6%	52,6%	56,3%	57,6%
D9	6,6%	8,6%	9,0%	7,4%	8,6%	9,1%	10,5%	8,9%	8,7%
D10	5,3%	7,5%	8,0%	8,0%	9,9%	7,7%	5,6%	5,7%	5,7%


Homes									
	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
D1	7,5%	5,7%	6,2%	8,8%	8,4%	9,2%	10,5%	8,4%	7,4%
D2	12,2%	10,0%	9,6%	7,4%	8,5%	10,7%	10,8%	9,7%	9,6%
D3	13,6%	10,0%	9,7%	6,8%	9,0%	8,7%	9,5%	9,9%	9,6%
D4-D8	54,6%	57,3%	56,8%	60,0%	54,0%	55,0%	52,0%	57,1%	58,9%
D9	7,1%	8,9%	9,8%	8,3%	9,7%	9,0%	11,5%	9,2%	8,7%
D10	5,0%	8,1%	7,9%	8,7%	10,4%	7,5%	5,7%	5,8%	5,7%

Mulleres									
	2008	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
D1	8,8%	6,6%	7,6%	11,4%	9,2%	8,6%	9,0%	8,8%	7,8%
D2	13,5%	9,8%	8,6%	7,7%	7,8%	11,1%	11,9%	10,7%	10,7%
D3	13,5%	11,8%	11,2%	8,3%	11,1%	10,8%	10,8%	10,7%	10,6%
D4-D8	52,6%	56,5%	56,3%	58,5%	55,0%	52,3%	53,2%	55,6%	56,5%
D9	6,0%	8,2%	8,1%	6,6%	7,5%	9,2%	9,7%	8,6%	8,6%
D10	5,6%	7,1%	8,2%	7,4%	9,5%	7,9%	5,4%	5,6%	5,7%

Por outra parte, a poboación de Galicia, que polos seus ingresos por unidade de consumo están no grupo do 30% da poboación nacional con renda máis baixa (os deciles 1, 2 e 3 de renda nacional) supoñen un 28,0 %. A súa vez, a poboación que corresponde ao grupo do 20% con rendas máis altas (os deciles 9 e 10), supoñen o 14,4%. Ademais, a suma dos cinco deciles centrais da distribución (do decil 4 ao 8) segundo os seus ingresos por unidade de consumo -o que se podería denominar a clase media e que a nivel nacional supón o 50 % da poboación- representa algo máis da metade das persoas, cun 57,6%. Polo tanto, en Galicia, en consonancia cos datos de renda analizamos anteriormente, concentrase máis poboación dos estratos centrais.


## Índice de Gini



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV


Na liña do sinalado anteriormente, **o índice de Gini galego baixou cinco puntos con respecto ao ano anterior ata chegar ao valor 28 e permaneceu inferior ao índice estatal**, en concreto a 4 puntos deste último, **sendo o galego o segundo máis baixo de 2022**, so por riba de Aragón. Dende o ano 2015 este dato recorre unha tendencia descendente que lle levou a rexistrar este ano o valor máis baixo da serie histórica.

### S80/S20



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

### S90/S10



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**O indicador S80/S20**, que mide a relación de renda entre o 20% con maiores ingresos e o 20% con ingresos máis baixos da poboación e o indicador S90/S10, que o fai entre o 10% máis rico e o 10% máis pobre, seguen unha traxectoria similar ao Índice Gini. E, coma este, **representan unha desigualdade en Galicia inferior á nacional**.

En primeiro lugar, para 2022, o 20% da poboación con maiores ingresos de Galicia recibe unha renda 4,5 veces superior á do 20% máis pobre. Se consideramos o S90/S10, o 10% máis rico recibe 7,3 veces o que ingresa o 10% máis pobre.

En segundo lugar, ambos os índices encadean descensos dende o ano 2017 e rexistran este ano o seu menor dato da serie histórica, dende o 2008.


Por último, unha análise comparativa dos diferentes indicadores de desigualdade que se analizan neste informe mostra certas insuficiencias. Neste sentido, as variacións na porcentaxe de persoas nos diferentes deciles adoitan interpretarse en clave de desigualdade: un desprazamento centrífugo das persoas cara aos deciles extremos asóciase a un incremento da desigualdade e o contrario se o desprazamento é centrípeto e se incrementan os deciles centrais.

Con todo, considerar ese único factor pode levar a conclusións inexactas e non só importa en cada decil a porcentaxe ou número de persoas, senón que tamén interesan as variacións de renda dentro de cada un deles. Noutras palabras, non é o mesmo un



incremento ou redución de persoas, que de ingresos; poden suceder ambas, ou só unha delas.

Por exemplo, en Galicia, a redución do índice de Gini, da relación S80/S20 e da relación S90/S10 suxire un desprazamento centrípeto e unha redución tanto dos deciles máis baixos como dos máis altos. Isto é así e a suma dos deciles 1 ao 3 redúcese dende o 29,1% ata o 28,0 % e, no caso dos deciles 9 a 10, tamén se reduce dende o 14,6 % ata o 14,4%. Un corolario de todo isto **é o incremento da clase media en Galicia**, representada aquí polos deciles 4 a 8, que pasa do 56,3 % ata o 57,6 %.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Respecto aos cambios na renda, o gráfico anterior mostra a variación porcentual da renda por unidade de consumo entre 2021 e 2022 en España e en Galicia para os tres deciles mais altos e os tres mais baixos. **Para ambos niveis territoriais nos seis grupos representados pode observarse un aumento das rendas por unidade de consumo.** Cabe sinalar que, aínda que ese incremento en termos relativos é maior nos deciles mais baixos, en termos absolutos a ganancia do decil superior (+3.447 €) é máis do dobre que a do decil inferior (+898 €).


## O PAPEL DAS ADMINISTRACIÓNS DO ESTADO

Na información do INE facilítase unha vez máis o efecto das actuacións e transferencias ás persoas das diferentes administracións públicas. Esta información permite ver o esforzo amosado polo conxunto das diferentes administracións na loita contra a pobreza e a exclusión e o impacto dos efectos da pandemia e da crise inflacionista e enerxética, motivadas pola Guerra de Ucraína.

A taxa de pobreza pode modularse a partir de cambios ou intervencións na distribución da renda. Neste senso, **o efecto da acción das distintas Administracións do Estado sobre a calidade de vida das persoas é moi importante** e pode estimarse mediante a diferenza entre a taxa de risco de pobreza calculada a partir da renda dispoñible e calculada a partir da renda sen ter en conta as transferencias do Estado ás familias.

A continuación compáranse os datos de pobreza reais con aqueles que existirían nun mundo sen a acción do Estado e das administracións. Por un lado, sen ningunha transferencia de renda, incluso sen pensións de xubilación e, por outro, se non se inclúiran as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais.

### Efecto das transferencias na pobreza en Galicia



\* (excepto xubilación e supervivencia)


\*\* (incluso xubilación e supervivencia)

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos de ECV

**De non haber transferencias públicas (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia, en 2022 a situación de pobreza ampliaríase a case a metade da poboación chegando ao 48,6%.**

Por outra parte, se non se teñen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais, a taxa de pobreza alcanzaría o 26,4 % da poboación galega. Así pois, en Galicia as pensións por xubilación xogan un papel esencial na contención da pobreza e a desigualdade.

Hai que ter en conta a influencia dos ERTE no 2021, ano no que a taxa de pobreza sería de 52,8% de non ser polas transferencias.




\* (excepto xubilación e supervivencia)

\*\* (incluso xubilación e supervivencia)

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos de ECV

A súa vez, **en Galicia a poboación en pobreza severa crecería ata o 35,4 % se non houbera transferencias de ningún tipo** e ata o 12,5% se non se teñen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais.



\* (excepto xubilación e supervivencia)

\*\* (incluso xubilación e supervivencia)

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos de ECV

O gráfico anterior representa o impacto da acción do Estado nos ingresos dos fogares. Así, se desaparecesen por completo estas transferencias, a renda media por unidade de consumo, reduciríase en Galicia ata os 11.881€, é dicir, decrecería un 34,3% (6.212 €). Se non se tivesen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais, esta renda media caería 1.650 euros (un 9,1 %), ata os 16.443 euros de media por unidade de consumo.

Por último, se analizamos por deciles o impacto das transferencias na renda por unidade de consumo, apréciase como os estratos máis vulnerables son os que verían mais reducidos os seus ingresos.

### **Efecto das transferencias na renda por u.c. por deciles**

<b>Renda media</b>	2008	2015	2020	2021	2022
D1	3.872	2.507	3.758	3.462	4.360
D2	7.397	6.350	8.195	7.946	8.753
D3	9.399	8.500	10.574	10.275	11.188
D4	11.198	10.395	12.827	12.697	13.498
D5	12.983	12.305	15.037	14.848	15.690
D6	15.059	14.431	17.301	17.261	18.153
D7	17.407	16.770	19.837	19.915	20.743
D8	20.317	19.875	23.025	23.366	24.429
D9	25.347	24.346	28.219	28.134	29.504
D10	38.956	39.379	40.492	40.259	43.706

### **Renda media antes de transferencias\***

D1	2.355	617	1.842	1.126	1.758
D2	6.292	4.727	6.654	5.159	6.878
D3	8.219	7.257	9.030	8.139	9.240
D4	9.972	9.273	11.468	10.335	11.790
D5	11.884	11.198	13.710	13.111	14.199
D6	13.922	13.616	16.086	15.424	16.854
D7	16.327	16.242	18.728	18.211	19.481
D8	19.445	19.454	22.142	21.780	23.016
D9	23.987	23.969	27.289	26.617	28.293
D10	37.177	37.781	38.896	38.723	41.880

### **Renda media sen ningunha transferencia\*\***

D1	7	-347	-315	-822	-705
D2	2.313	789	1.323	912	1.020
D3	5.577	2.783	4.443	3.415	4.334
D4	7.653	5.311	7.238	6.200	7.554
D5	9.847	7.778	10.042	8.679	10.347
D6	12.115	10.207	12.616	11.444	13.178
D7	14.660	13.494	15.590	14.696	16.219
D8	17.665	16.692	19.151	18.432	19.888
D9	21.856	21.649	24.040	23.793	25.426
D10	34.499	35.300	34.919	36.230	40.206

\* (excepto xubilación e supervivencia)

\*\* (incluso xubilación e supervivencia)

Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos de ECV

Ao tomar como exemplo o caso do decil de menos ingresos, se non existise ningún tipo de acción redistributiva pública, soamente disporían de débedas, posto que se chegaría ao extremo de ter renda negativa (este decil vería como os seus ingresos se reducen nun 116,2 %).

Se non se tivesen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais, o decil máis baixo disporía so de 1.758€, un 59,7 % menos dos seus ingresos.

## ACCESO Á VIVENDA: A EMERXENCIA AGRÁVASE


Como se indica noutros apartados deste informe e no do ano pasado, e como denuncian de xeito continuado a maioría das persoas e familias en pobreza, especialmente a máis severa, as dificultades de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible agraváronse nos últimos anos.

Esta situación de emerxencia residencial segue a ser o principal obstáculo para a saída da pobreza que viven milleiros de familias galegas ao actuar como un aspirador de rendas que restrinxe os seus ingresos e obriga a priorizar os gastos vinculados coa vivenda sobre outras necesidades básicas e impedindo de facto calquera esperanza de éxito nos procesos de inclusión social e loita contra a pobreza.

**En Galicia o 24,5 % da poboación en pobreza ten gastos de vivenda superiores ao 40% da súa renda dispoñible, sen embargo, entre as persoas que non están en pobreza a cifra aumenta lixeiramente ata o 0,6%.**

En xeral, obsérvase como o gasto elevado en vivenda entre as persoas pobres permanece relativamente estable dende o ano 2018 cando rexistrou o valor máis baixo posterior á crise financeira. Neste sentido, 2022 supón un ano de continuidade dentro da gravidade da situación, e reflicte a moi limitada actuación das administracións públicas galegas ao rexistrarse un dato que soamente é 0,3 puntos menor ao do ano anterior.

### Galicia: Gasto elevado en vivenda segundo pobreza




Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Tal e como mostra a gráfica anterior, as cifras sempre foron moi elevadas nas persoas pobres. Para este último ano, sufriron un leve descenso, ao contrario que ocorreu coa

poboación que non está en pobreza, que aumentou lixeiramente o seu gasto en vivenda.


### Galicia: Vivenda con falta de espazo segundo pobreza



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

A falta de espazo na vivenda afecta en maior medida ás persoas en situación de pobreza. Sen embargo, **nos últimos anos en Galicia a falta de espazo na vivenda<sup>11</sup> deixou de afectar dunha maneira tan diferenciada ás persoas en risco de pobreza.** Así, o 2,9 % das persoas que residen en Galicia fan nunha vivenda con falta de espazo, cifra que se eleva ao 4,3 % no caso das persoas pobres.

### Galicia: Vivenda sen espazo suficiente segundo menores no fogar



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

**A falta de espazo na vivenda afecta con máis intensidade aos fogares con nenos, nenas e adolescentes (NNA),** en 2022, a falta de espazo na vivenda afectaba o dobre

<sup>11</sup> Unha vivenda con espazo suficiente debe dispor dunha habitación para o fogar no seu conxunto, Unha habitación por parella adulta, unha para cada persoa soa de 18 e mais anos, unha para dúas persoas do mesmo sexo con idades comprendidas entre 12 e 17 anos de idade, unha para unha persoa soa con idade comprendida entre 12 e 17 anos non incluída na categoría anterior e unha habitación por parella de nenos menores de 12 anos.


a estes fogares, chegando ao 4,5%, mentres que nos fogares sen menores afectaba a un 2,2%. Esta diferenza incrementouse no último ano debido a que **amentaron considerablemente as persoas en fogares con menores que viven con falta de espazo no fogar.**

A situación de emerxencia residencial na que viven milleiros de familias galegas obsérvase no empeoramento dos conceptos que teñen relación coa vivenda dentro do indicador de Privación Material e Social Severa. O que contrasta notablemente coa mellora de indicadores que son “competencia” dos departamentos de Política Social.

A porcentaxe **de persoas que manteñen retrasos no pagamento de gastos de vivenda principal incrementouse de novo: do 5,6% no 2019, ao 8,5% no 2020 e ao 9% no 2021, producíndose un aumento no 2022 ata o 9,4%.**

Aumentou de maneira preocupante tamén a porcentaxe de persoas que **non pode manter a vivenda a unha temperatura axeitada, dende o 6% no 2019 ata o 9,6% no 2020, a un 13,1% no 2021 e un 19,4% no 2022 alcanzando a cifra máis elevada dende o 2015.**

Incluso aumentou a taxa de persoas que non poden substituír os mobles estragados ou vellos: do 15,8% no 2020 ata o 19,9% no 2021 e 25,6% no 2022, como se puido observar nos datos sobre Privación Material e Social Severa.



Fonte: Elaboración propia a partir de microdatos ECV

Como reforzo da evidencia do empeoramento dos aspectos relacionados coa vivenda, e pendentos de obter a información do 2021, facilítanse datos da ECV 2020 que reflicten o **impacto das condicións de acceso a unha vivenda digna** no conxunto do estado e en menor medida en Galicia: luz natural, ruídos, contaminación, etc.



<b>Total Nacional</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Escaseza de luz natural	5,1	5,7	10,8
Ruídos producidos por veciños ou do exterior	17	14,2	22,1
Contaminación e outros problemas ambientais	9,8	9,8	12
Delincuencia ou vandalismo	11,1	11,5	14,1
Ningún problema	71,3	73,3	60,7
<b>Galicia</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>
Escaseza de luz natural	2,9	2,6	5,6
Ruídos producidos por veciños ou do exterior	9,9	6,5	13,9
Contaminación e outros problemas ambientais	4,6	2,1	5,6
Delincuencia ou vandalismo	7,8	8,2	7
Ningún problema	78,7	83,6	73,6

Nesta liña, **imos utilizar tamén os datos da Enquisa Estrutural de fogares do IGE**, que dan conta da situación dos fogares e, con referencia aos datos de 2020 compre salientar os seguintes aspectos nos que os fogares manifestan ter determinados problemas coa vivenda<sup>12</sup> :

- O 8,49% manifestan sufrir falta de espazo (90.758 fogares)
- O 14,21%, deficiencias de illamento térmico ou acústico (151.844 fogares)
- O 22,24%, problemas de humidades (237.705 fogares)

Hai que lembrar que durante a pandemia provocada pola COVID-19, a vivenda cobrou especial importancia, posto que debido ás medidas de confinamento as familias debían permanecer máis tempo no seus fogares, o que supuxo para moitas familias un empeoramento da calidade de vida ao non dispor dunha vivenda adecuada.

A este respecto, os datos do IGE sobre o impacto provocado pola pandemia da COVID-19 na situación económica, no traballo e nas relacións familiares e sociais dos fogares galegos, en materia de vivenda e convivencia mostra que un 3,48% (37.185)<sup>13</sup> das galegas presentaba unha mala ou moi mala a satisfacción co tamaño, número de habitacións, baños, etc. da súa vivenda para vivir nela durante a pandemia, e un 3% (31.514)<sup>14</sup> valoraba de forma mala ou moi mala a dispoñibilidade de luz natural para vivir na vivenda durante este período. Ademais, un 8,9% da poboación (94.690 persoas) tivo dificultades para que algún membro do fogar se illase en caso de contaxio na súa vivenda<sup>15</sup>.

**Os datos da Enquisa de Presupostos Familiares do IGE<sup>16</sup> entre 2016 e 2022 confirman a tendencia en aumento do esforzo que fan os fogares nos pagos**

<sup>12</sup>[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=4268&R=6\[all\]&C=T\[1:0\];7\[all\];9912\[all\]&F=&S=&SCF=&c=0304005](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verPpalesResultados.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=4268&R=6[all]&C=T[1:0];7[all];9912[all]&F=&S=&SCF=&c=0304005)

<sup>13</sup>[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0205022&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10281&R=9912\[12\]&C=1\[all\];0\[all\]&F=&S=2:2021&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0205022&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10281&R=9912[12]&C=1[all];0[all]&F=&S=2:2021&SCF=)


<sup>14</sup>[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0205022&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10283&R=9912\[12\]&C=1\[all\];0\[all\]&F=&S=2:2021&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0205022&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10283&R=9912[12]&C=1[all];0[all]&F=&S=2:2021&SCF=)

<sup>15</sup>[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0205022&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10287&R=0\[all\]&C=9912\[12\];1\[all\]&F=&S=2:2021&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?idioma=gl&c=0205022&ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=10287&R=0[all]&C=9912[12];1[all]&F=&S=2:2021&SCF=)

<sup>16</sup><https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?3fOP=1&B=1&M=&COD=8841&R=2%255b2%255d;0%255ball%255d;1%255b12:3%255d&C=9924%255ball%255d;3%255b0%255d&F=&S=&SCF=#>

**relativos á vivenda**, auga, electricidade, gas e outros combustibles, cun lixeiro descenso no ano 2022.

### Porcentaxe de gasto medio en vivenda sobre o gasto medio total dos fogares (2016-2022). Galicia e España



Segundo o IGE, o gasto medio mensual do fogar en alugueiro da vivenda principal tiña para o ano 2021 a seguinte distribución segundo o intervalo de ingresos mensuais do fogar<sup>17</sup>.

Ata 600€	600,01-1.000€	1.000,01-1.500€	1.500,01-2.000€	2.000,01-2.500€	Máis de 2.500€	Total
277,4	303,5	333,4	336,3	380,1	436,1	358,3

Efectivamente, se tomamos o caso **dun fogar con ingresos mensuais de 600€, está gastando un 46,2% da renda dispoñible ao pago do alugueiro**, mentres que no outro extremo, para un fogar con ingresos de 2.500€ un alugueiro de 436€ representa o 17,4% da rúa renda dispoñible.

De feito, **41.763 fogares galegos destinaron no 2021 máis do 30% da súa renda dispoñible ao pago do alugueiro, dos cales 13.319 destinaron máis do 50%**<sup>18</sup>.

Fogares segundo a porcentaxe de ingresos dedicados ao pagamento do aluguer da vivenda principal		
	Porcentaxe	Número
Ata o 10,00%	9,49	16.204
Entre o 10,01% e o 20,00%	40,85	69.723
Entre o 20,01% e o 25,00%	14,36	24.516
Entre o 25,01% e o 30,00%	10,82	18.465
Entre o 30,01% e o 40,00%	10,78	18.391
Entre o 40,01% e o 50,00%	5,89	10.053
Máis do 50,00%	7,8	13.319
<b>Total</b>	<b>100</b>	<b>170.671</b>

<sup>17</sup>[https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2658&R=2\[2021\]&C=0\[all\]&F=&S=1:0:998:12&SCF=](https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2658&R=2[2021]&C=0[all]&F=&S=1:0:998:12&SCF=)

<sup>18</sup><https://www.ige.gal/igebdt/esqv.jsp?ruta=verTabla.jsp?OP=1&B=1&M=&COD=2660&R=0%5ball%5d;2%5b2020:2021%5d&C=1%5ball%5d&F=&S=998:12&SCF=#>

En España, a porcentaxe de persoas en risco ante ao pago do alugueiro (destinan máis do 40% dos ingresos á renda) chegou ao 41% do total en 2021 segundo os datos do Observatorio de Vivienda y Suelo do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o que supuxo un aumento do 5% respecto aos datos de 2020 e a cifra máis alta dende o 42,1% rexistrado en 2017 .

Asemade, a porcentaxe de persoas en risco ante ao pago do alugueiro (destinan máis do 40% dos ingresos á renda) chegou ao 41% do total en 2021 segundo os datos do Observatorio de Vivienda y Suelo do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o que supuxo un aumento do 5% respecto aos datos de 2020 e a cifra máis alta dende o 42,1% rexistrado en 2017<sup>19</sup>.

Así mesmo, segundo datos da Enquisa de Presupostos Familiares do INE de 2022, **o gasto en vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles supuxo para a poboación española a terceira parte do presuposto total do fogar (32,4%).**

Se poñemos o foco de atención nas familias máis vulnerables, nun informe publicado pola OECD<sup>20</sup>, conséntase que estas, con menos ingresos, fan un maior esforzo no pago da vivenda, tanto en propiedade como alugueiro, destinando a ambos case un 50% dos ingresos.

E así o constata tamén o informe anual de 2022 do Banco de España que indica que os elevados prezos do alugueiro aumentaron a proporción de poboación en risco de exclusión social e de fogares con capacidade de gasto restrinxida noutros bens e servizos. No 2021, o 48,9 % dos fogares españoles que residían en vivendas de alugueiro atopábanse en risco de pobreza ou exclusión social, un 40,9% dedicaba máis do 40% da súa renda dispoñible á vivenda, con especial incidencia nas familias con menor renda.

---

<sup>19</sup><https://www.observatoriodavivenda.gal/gl/actualidade/persoas-que-adican-mais-do-40-dos-seus-ingresos-ao-pago-do-alugueiro-chega-ao-41-segundo>

<sup>20</sup><https://www.oecd.org/social/affordable-housing-database.htm>. Datos extraídos do Informe de posición sobre vivenda 2020 (EAPN España)

### RISCO DE POBREZA E/OU EXCLUSIÓN

- No 2022 **636.000 persoas residentes en Galicia** - o 23,6% da poboación- estaba en risco de pobreza e/ou exclusión social (AROPE). **42.000 persoas menos que no 2021**.
- Os indicadores, en especial o de pobreza, mantéñense por debaixo dos do conxunto do estado, onde a taxa AROPE se reduce do 27,8% no 2021 ao 26% no 2022.
- Os datos reflicten o proceso de recuperación tras a pandemia da COVID-19, os efectos da inflación e as consecuencias provocadas pola guerra de Ucraína pero tamén o **relativo éxito das medidas de choque contra a pobreza tanto a nivel estatal** (ERTE ou Ingreso Mínimo Vital) **como na Xunta** (mantemento RISGA ou, sobre todo, a Tarxeta Básica), **concellos e organizacións do Terceiro Sector** de Acción Social.
- Coa diminución de mais de 44.000 persoas da taxa AROPE dende o 2015, **avánzase na meta do Plan Estratéxico Galicia 2022-2030** de reducir no 2030 ao 14%. Pero pese a isto Galicia mantense lonxe do cumprimento do acordado na Axenda 2030, para a cal, no 2022, tería que haber unhas 114.000 persoas menos en situación de risco de pobreza e/ou exclusión social
- **Redúcese a taxa de pobreza feminina pero crece a fenda de xénero**. Das 636.000 persoas que no 2022 estaban en risco de pobreza e/ou exclusión social, 287.000 eran homes (24.000 menos que no ano anterior, 1,8 puntos) e 348.500 mulleres (18.500 menos, 1,3 puntos). O que afecta en especial aos **fogares monoparentais (49,2%) ou os das persoas maiores soas**.
- **O risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil diminúe notablemente pero seguen a ter as taxas máis elevadas por grupo de idade**, o 24,7%, en 2022. Ao contrario do que ocorre co grupo de maiores de 64 anos que é o único no que aumenta a taxa AROPE (23,1%, 3,6 puntos mais que o ano anterior) pero continúa a ser o grupo de idade coa taxa máis baixa.
- **Descende a taxa de pobreza nos fogares con nenos e nenas**, sendo a taxa de 24,4%, e diminúe 5,9 puntos con respecto ao ano anterior, o que reduce a ampla diferenza que se detectaba o ano pasado co resto de persoas, ao contrario do que ocorre nos fogares sen menores cuxa taxa aumenta do 21% ao 22,9%.
- **Nas zonas urbanas e rurais rexistrouse un descenso da taxa AROPE no último ano**, do 23,4% e 24,2%, respectivamente. A taxa AROPE cruzada por hábitat tendeu a igualarse nas dúas categorías territoriais nas que se divide.

## RISCO DE POBREZA

- **A taxa de pobreza diminúe e pasa do 20,2% ao 18% en 2022, unhas 485.000 persoas**, das cales mais de 261.000 son mulleres e 224.000 son homes. 59.000 persoas menos, o que supón dous anos seguidos de redución deste indicador e sitúa o dato galego 2,4 puntos por debaixo da media estatal.
- **A taxa de pobreza ampliaríase a case a metade da poboación chegando ao 48,6% de non haber transferencias públicas** (Estado, Xunta ou concellos) en Galicia. Por outra parte, se non se teñen en conta as pensións de xubilación e supervivencia e so o resto de transferencias sociais, a taxa de pobreza alcanzaría o 26,4 % da poboación galega.

## POBREZA SEVERA

- **A taxa de pobreza severa** (con ingresos máximos de 560€ mensuais nun fogar dunha persoa ou 1.177€ no de dous adultos e dous nenos ou nenas) **tamén diminuíu**, en Galicia foi do 6,8%, 2,1 puntos por debaixo do dato nacional. Con respecto ao ano pasado, a taxa de pobreza volve caer (2 puntos) máis do que o fixo en 2021 (0,6 puntos) e máis do que o fixo o dato estatal, en 1,3 puntos.

## POBREZA E PENSIÓNS

- **364.814 galegas e galegos reciben unha pensión cun importe inferior ao mínimo considerado para non ser pobre** (721€ ao mes), o 47,4% do total. E un 20,5% delas están en pobreza severa, o que supón un total de 158.038 persoas.
- **O 60,5 % das pensións de viuvez**, a inmensa maioría correspondentes a mulleres, teñen un importe inferior ao limiar de pobreza, pero as taxas de pobreza neste grupo diminuíron, pois no 2021 a taxa de viuvez en pobreza estaba en 63,8%, e a taxa de pobreza severa pasou dun 38,1% ao 37,2%.
- **A situación en Galicia é bastante peor que a nivel nacional**, 11,6 puntos peor, pois a media nacional establece que o 35,8% do total de prestacións que reciben as persoas pensionistas atópanse por debaixo do limiar da pobreza. **O dato do limiar da pobreza severa tamén é máis elevado na CCAA**, xa que a nivel nacional se sitúa nun 14,7% do total das pensións percibidas en España.

## BAIXA INTENSIDADE DE TRABALLO NO FOGAR

- **O 9,5% da poboación menor de 65 anos, é dicir, 188.000 persoas residentes en Galicia vivía no 2022 en fogares con baixa intensidade de emprego** (nos que se traballa menos do 20% do seu potencial de emprego). **A cifra supón un descenso de 0,7** puntos respecto ao ano pasado, o que se traduce en mais de 15.000 persoas que deixaron de ser contadas neste indicador.
- **A taxa BITH por sexo no 2022 aumentou a fenda de xénero**, debido a que o descenso no último ano de 1,2 puntos da taxa masculina que se sitúa nun 8,3% non se produciu na feminina que se chegou a un 10,6 % e que so caeu 0,2 puntos. En 2022 hai case 106.000 mulleres en BITH e 82.000 homes.

## PRIVACIÓN MATERIAL E SOCIAL SEVERA

- **O indicador de Privación Material e Social Severa situase no 6,3% da poboación, lixeiramente superior ao dato do ano anterior (6,2%) ao contrario que a tendencia estatal.**
- Este dato, o de cálculo mais recente, é **preocupante porque por unha banda reflicte xa o impacto da crise motivada pola inflación**, o encarecemento dos combustibles e especialmente as dificultades de acceso á vivenda, pero pola outra detecta tamén o **relaxamento da medidas de loita conta a pobreza e exclusión social**, como a Tarxeta Básica.
- Obsérvanse valores máis elevados na taxa feminina (6,9%) que se traduce en cerca de 97.000 mulleres e a taxa masculina é de 5,6 %, o que significa máis de 73.000 homes na mesma situación e un leve empeoramento.
- Dentro dos elementos que compoñen o indicador de Privación Material e Social Severa **empeoran 11 dos ítems e melloran 2 deles**. Aumentan as persoas que **non poden permitirse manter a vivenda a unha temperatura axeitada** alcanzando o 19,4 %, **aquelas persoas que non teñen capacidade para facer fronte a gastos imprevistos** que pasa dun 24,7% a un 29,7%, ou o incremento de persoas que **non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días**, que aumenta do 2,1 % ao 4,4%.
- **Aumenta a poboación que experimenta dificultades para chegar a fin de mes**, sumando un 44,3%.

## A EMERXENCIA DA VIVENDA AGRÁVASE

- Continúa **a emerxencia residencial** e de acceso a unha vivenda digna, axeitada e accesible: **24,5% das persoas en pobreza dedican máis do 40% da súa renda dispoñible a gastos de vivenda.**
- No 2022 **aumentaron de novo os fogares con retrasos no pago de gastos da súa vivenda, pasando do 9% no 2021 ao 9,4%.**
- O aumento de prezos de enerxía pola guerra de Ucraína, a elevada inflación e o incremento dos prezos de acceso á vivenda, **aumentan as persoas que non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada. Do 13,1% no 2021 ao 19,4% no 2022.**

## DESIGUALDADE

- A redución da taxa de pobreza e as medidas de apoio á clase media e baixa **permitiron mellorar os indicadores de desigualdade**. O Índice de Gini galego baixou cinco puntos ata chegar ao valor 28 e mantívose inferior ao índice estatal, en concreto a 4 puntos deste último, sendo o galego o segundo máis baixo de 2022.

Informe realizado co financiamento da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a través do Convenio 2023 para a Coordinación, optimización dos recursos e sinerxias de actuación das entidades integrantes que teñen como finalidade a loita contra a pobreza e a exclusión social.



**#EstadoDePobreza**

**#PobrezaGalicia**

**MÁIS INFORMACIÓN EN:**

[www.pobreza.gal](http://www.pobreza.gal)

[www.eapn.es/estadodepobreza/](http://www.eapn.es/estadodepobreza/)

